

O Cristo de Cangas e outras imaxes mariñeiras

Xerardo Dasairas

Ao se cumpriren en datas próximas, os catrocentos anos (4º Centenario) do Asalto de Cangas polos turcos, a Confraría do Cristo quixo tamén ser copartícipe desta lutuosa conmemoración e pediunos unha colaboración neste sentido. Anteriormente, en distintas ocasións e medios, xa tiñamos feito reseñas e reflexións encol deste tema, tentando elucidar, á vista das escasas informacións, o que realmente lle acontecen, naqueles nefastos días, aos habitantes de Cangas.

Nalgunha das aproximacións ao tema xa fixeramos alusión ao nacemento do Porto de Can-gas, fundado segundo referencias "por los naturales de la tierra" cara a mediados do século XV. E de como ese porto foi evoluíndo desde un pequeno reduto ou lugar, ata converterse en vila co paso dos anos.

Nesta evolución vaise producir a erección dunha igrexa anexa a Darbo para atender a crecente poboación arredor dun porto que xeraba bastante riqueza, o que motivaría que anos despois, Cangas xa se convertese nunha parroquia baixo a advocación de Santiago, pasando Darbo a ser o seu anexo. No contexto evolutivo da economía de Cangas vai xurdir a organización mariñeira en forma de confraría gremial ao igual que acontecería noutros portos galegos. Os décimos que xeraban os beneficios da pesca, canalizados através da Confraría do Bon Xesús, servirían para a construción dunha nova igrexa que no século XVI vai ser elevada ao rango de Colexiata dirixida por un prior e seis racioneiros.



Neste contexto, debemos supoñer que o Cristo, coñecido hoxe como da Pila, fose o que presidise aquela primitiva igrexa, erguida a finais do século XV e que a denominación de Bon Xesús relacionase a esta efixie co gremio-confiaría do mar. A potencialidade económica deste gremio e a súa devoción á imaxe do Cristo non cabe dúbida que viñeron eclipsar á advocación santiaguista da parroquia importa desde o arcebispado como confin que era Cangas dun seu territorio no que controlaban tamén a vida económica e social.


Despois daquel aciago nove de decembro de 1617 en que se produce o asalto turco-berberisco, vaise producir a desfeita económica e moral da puxante vila e porto cangués e loxicamente, quen máis perdeu vai facer o imposible por recuperar o seu estatus anterior dando lugar a falsos testemuños e declaracións, e incluso á "invención" das chamadas bruxas de Cangas.



O único relato documental destes feitos é o da declaración das testemuñas, feito tres meses despois, destacando o do Procurador Xeral da vila Gerónimo Núñez que se centra máis no destrozo da igrexa e nas perdas de moitas persoas ricas que alí vivían. Mais, centrándonos no que nos ocupa, ternos que esta testemuña afirma no seu relatorio que *...todas las Ymagenes hizieron pedaços con las campanas...*, frase que os catro racioneiros interrogados van repetir con algún engadido como *...cortaron e quemaron las imagines é cruces, rretablos e campanas... ...llevaron los hornamentos, frontales, lámparas y mas plata que tenía...* Pero só un dos racioneiros, apelidado San Juan Suárez, engade no seu relatorio: *...poniendo fuego á un santo Xpº que auia en la dicha yglesia que hera de mucha deboción y milagros e no quiso arder...*

Non imos entrar na controversia suscitada sobre se os turcos non bombardearon Cangas como se dixo, pois isto repétese polas testemuñas de oficio, os máis deles curas e baixo xuramento sobre una señal de la Cruz, ademáis de que cando se arranxou, un tempo despois, o tellado da Colexiata, apareceron nel bolas de capón que foron localizadas posteriormente no cárcere próximo. Mais a controversia que detectamos, está en que só un dos racioneiros alude ao Cristo que non quixo arder mentres no coñecido poema popular

anónimo, que apareceu manuscrito en documentos do mosteiro de Celanova, recolléase: *Entre penedos i entre touzas / alá moi lonxe, lonxe, lonxe, / levamos o Cristo con outras cousas, / alá pra lonxe, lonxe, lonxe.*



Vaia por diante que con isto non pretendemos mermar a secular e singular devoción que tivo esta imaxe baixo a confaría do Bon Xesús, que segue a ser hoxe devocionada pola Agrupación de Protección Civil local, e menos a imaxe posterior do Cristo do Consolo, senón actuar co rigor histórico que permite a escasa documentación do acontecido. Por se fose pouco, desde hai uns anos e coincidindo coa popularidade de internet, comezou a circular unha terceira versión deste feito que de tanto repetirse, como acontece neste medio, acabará considerándose verdade como certificación do que xa se define nestes tempos como posverdade. Nunha destas versións electrónicas afirmase que *o Cristo foi recuperado polos mariñeiros de Cangas cando aboiaba na ría* o cal podía ser factible se antes se constataste que foi levado polos turcos nun barco e logo botado ao mar... Pero ademáis agora aínda hai quen redondea o conto, afirmando que *esta imagen, de escaso valor artístico, la encontraron flotando los marineros de Cangas en la bocana de la ría y cuando iban a rescatarla, se le anticiparon los pescadores de Marín y se la llevaron con ellos.*

E para darlle máis sabor ao achado do desvalorizado Cristo e mostrar a fogosidade dos cangueses, engade unha increíble peripecia, impropia dos poucos veciños de Cangas que salvaran do desastre turco e menos do seu estado de ánimo despois da desfeita: *Los de Cangas armaron un comando, fueron hasta Marín, emborracharon a los guardianes y recuperaron al Cristo...*

O Cristo do Consolo

O Cristo do Consolo, adquirido para a Colexiata en 1796, tamén tería a súa controversia, esta vez sobre o seu autor, que en 1925 se lle atribuíu ao imaxineiro de Redondela Antonio del Villar e que segundo pesquisas posteriores debidas a don Eugenio Eiroa, é obra de Juan Pintos Pereira, natural de Vilaboa e na súa traza percíbese influencia da escola de Gregorio Hernández. O pintado e dourado da talla débense ao mestre Benito Antonio da Silva.



As imaxes do mar

Coidamos que a versión do Cristo cangués aparecido no mar tén un certo ar de contaminación e paralelismo co acontecido co Cristo de Vigo e a súa devoción, que comparte co de Cangas no mesmo mes de agosto pero aquel na primeira dominica do mes. Asemade, ambas celebracións viñeron eclipsar ás correspondentes advocacións de cada parroquia, isto é Santa María nun caso e Santiago no outro, deixando clara a preferencia mariñeira pola efixie do crucificado.

Ternos que apuntar tamén que as celebracións do Cristo cangués sempre foron de tipo relixioso e non mostrarían a súa parte laica ata finais do século XIX en que a Irmandade do Cristo e os comerciantes deciden celebrar festa e procesión nas mas.

Os cristos de Vigo

Asemade, e tamén cunha certa correspondencia histórica cos dous Cristos cangueses, o primeiro que contou en Vigo con grande devoción das xentes do mar, foi o Cristo da Misericordia do Berbés que se atopa hoxe no museo de Quiñones de León, salvado do derrubo da capela do mesmo nome ao se abrir a rua Elduayen. A súa talla, feita en madeira policromada, data do século XVII e posiblemente é anterior ao chamado Cristo da Vitoria da concatedral. Nestas datas era a Confraría viguesa da Misericordia, ligada ao gremio de mareantes, quen sacaba esta imaxe en procesión cada Xoves Santo, feito que tén similitude co que acontecía tamén en Cangas e Baiona nesta mesma agrupación de fieis.



Esta devoción sería substituída cara mediados do século XVIII pola do coñecido Cristo da Vitoria, Cristo da Boa Vitoria ou Bo Xesús da Vitoria, apelativo que pode aludir a vitoria de Cristo sobre o mal ou a unha conmemoración dun éxito bélico celebrado coa procesión pública desta imaxe.

De ningunha maneira pode aludir á vitoria contra os franceses en 1809 pois, documentalmente hai referencias a unha talla baixo a advocación do "Bo Xesús" na antiga igrexa de Santa María, alá por 1605 e incluso se alude ao *Santissimo Cristo de la buena Victoria* nunhas obras de reparación de 1740.

Esta imaxe, coñecida tamén popularmente como Cristo do Sal está relacionado co mar através das lendas que narran como foi atopado por un galeón do sal cando flotaba no mar e salvou aos mariñeiros dunha galerna baixo a promesa de deixalo na primeira igrexa do porto ao que conseguisen chegar.



Noutra versión, o Cristo é quen deixa clara a súa vontade de permanecer en Vigo xa que os mariñeiros así o demandaban. Hai uns anos, na restauración que se fixo deste Cristo en Madrid non só non se atoparon restos de sal senón que o seu escurecemento non se debía ao contacto coa auga do mar senón ao efecto das velas durante anos.

Os Cristos de Fisterra e de Ourense

Conta a lenda que o Santo Cristo de Fisterra foi esculpido por Nicodemo, testemuña directa da Paixón de Cristo e que foi quen elaborou tamén as figuras dos cristos de Ourense e de Burgos e incluso un de Valencia, tallas estas de similares características. No caso da talla fisterrá dise que viaxaba nun barco holandés ou inglés que ao pasar pola Costa da Morte viuse rodeado por un-ha tempestade que a punto estaba de afundir a nave. Para alixeirar peso, os tripulantes botaron á auga os obxectos innecesarios, entre eles o Santo Cristo.



Mais cando esta talla alcanzou á auga, ao instante cesou o trebón, interpretándose isto como un presaxio de que a imaxe quería quedar na igrexa de Santa María das Arcas a onde foi levada despois de desembarcala na praia de Cabanas. Igual que o famoso Cristo de Ourense, esta talla dátase entre os séculos XII-XIV e ambas dispútanse a orixinalidade pois dise que o auténtico é o ourensán que foi trasladado a esta cidade por don Vasco Pérez Mariño, nomeado daquela bispo de Ourense, que foi quen trouxo a imaxe desde o seu Fisterra natal alá polo século XIV.



O Cristo de Burgos

Outra imaxe relacionada coas anteriores e o tamén coñecido como "Cristo de Burgos" por estar exposto na capela homónima da catedral desta cidade desde 1844. Porén, a literatura clásica denomínoa como Santo Crucifijo de San Agustín de Burgos cuxa historia é común a moitas imaxes medievais e modernas e a súa lenda parecida a do de Fisterra. Segundo recolle a tradición oral, citada entre outros polo Padre Flórez, o mercader burgalés Pedro Ruiz de Mingujuán, que retornaba en barco desde Flandes, atopou o Cristo dentro dunha caixa que flotaba no mar Cantábrico. Este entregaríallo ao mosteiro de San Agostiño a cuxos frades lles prometera un valioso regalo. Así, o Cristo de Burgos Cristo foi instalado na igrexa do convento onde foi obxecto de grande devoción, edificándolle unha capela anexa destinada ao seu culto que co tempo atraeu a numerosos peregrinos ilustres como o rei Felipe II, Santo Tomás de Villanueva ou Santa Teresa de Jesús, entre outros. A súa fama de imaxe milagreira espallouse con rapidez e a el acudían os burgaleses en momentos de necesidade, de pestes ou de malas colleitas.

A Virxe da Renda

Traemos aquí este caso, case que exclusivo nas aparicións no mar, pois non alude ao achado dun cristo como era habitual, senón á imaxe da Nosa Señora de Gracia que foi atopada tamén aboiano na ría de Pontevedra despois de que o corsario inglés Francis Drake asolara en 1589 a illa de Tambo e a igrexa da mesma. Despois disto, a efixie sería trasladada á capela da Renda construída en 1712 en Xuviño (Combarro) para ubicar nela a imaxe, baixo o coitado dos frades de Poio. E para completar este repaso pola historia, a lenda e a posverdade, ligadas a estas imaxes de grande devoción cristiá e paralelismo de tradición marifeira, incluiremos outras dúas imaxes relacionadas co tema que gozan en Redondela de grande sona e popularidade.



O Cristo dos Navegantes e "A Gabacha"



Cristo dos Navegantes
ou da Agonía

Son estas dúas imaxes que se veneran na Vila de Redondela, o Cristo con día propio no luns seguinte á oitava da Pascua ao que se lle fai magna procesión, sobretudo polos mariñeiros de Cesantes que lle renden grande devoción. Mais, este Cristo da Agonía, feito en 1754, ao igual que o que se festexa no Porriño, non conta co correspondente achado no mar como os que viñemos mencionando. Ademais disto e da devoción manifesta das xentes do mar a este Cristo, resulta que a confraría de pescadores da vila redondelá está encomendada desde moi antigo a San Xoan, advocación máis fluvial que marítima que conta con imaxe acompañando ao Cristo no seu retábulo pero que non recibe unha atención especial, igual que lle ocorre a Santiago O Maior que é o patrono parroquial. Con todo isto, cabe concluir no por que da exclusiva procesión do Cristo e que esta teña a súa razón votiva na maior concentración de xentes de mar no porto de Cesantes.

Tamén cabe apuntar por outra parte, que no antedito retábulo da parroquial de Redondela hai tamén unha imaxe da Virxe, que se procesiona nos actos do seu famoso Corpus Christi e que, coñecida popularmente como "A Gabacha", conta tamén con grande devoción mariñeira. Debido a este alcume, circulan dúas versións sobre o seu achado que uns colocan flotando no mar procedente dun barco francés de cando a batalla de Rande e outros como unha donación dun enxeñeiro francés dos que tendían o ferrocarril na vila a finais do XIX.



(Publicado en "Asociación do Santísimo Cristo do Consolo". Cangas, Agosto de 2017)